



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA E ESTANCIA EN GARDERÍAS INFANTÍS.**

### **ARTIGO 1º.- Concepto**

Ó abeiro do establecido nos artigos 117, 41 e 48 e da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, e no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ó Concello, na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial, polos artigos 4, 49 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establécese o *prezo público pola asistencia e estancia en garderías infantís*, que se rexerá polo disposto nesta Ordenanza.

### **ARTIGO 2º.- Obrigados ó pagamento**

Estarán obrigados ó pagamento deste prezo público as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan nas tarifas desta Ordenanza.

A obriga de pagar nace dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, sen prexuízo da posibilidade de esixi-lo depósito previo do seu importe total ou parcial.

O pagamento realizarase no momento de solicita-la prestación do servizo, reservándose o Concello a posibilidade de esixi-lo seu importe en réxime de autoliquidación.

### **ARTIGO 3º.- Contía**

1. O importe do prezo público será o fixado nas tarifas que se recollen no anexo desta Ordenanza.

2. Os prezos do anexo 1 (Gardería) dependerán da renda per cápita mensual entendéndose por tal o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Para estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polos pais e fillos menores de dezoito anos ou fillos maiores de dezoito anos que convivan na unidade familiar ou cunha minusvalía superior ó 33 por cento. No caso de familias monoparentais, e para efectos do cálculo da renda per cápita ó que se refire o parágrafo anterior, incrementarase en 0'8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. En tódolos casos achegarase un certificado de convivencia.

Teñen a consideración de ingresos a suma da parte xeral maila parte especial da base imponible, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas; para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a , que se fai referencia obteranse como resultado de lles aplicar ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza entrará en vigor a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sempre que teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

### **ANEXO**

#### **I. GARDERÍA.**

##### **1.- Prezo por asistencia**

O prezo pola asistencia fixase en 110 € mensuais.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións totais ou parciais:

- a) Rendas inferiores ó 50 por cento do salario mínimo interprofesional: redución do 100 por cento.
- b) Rendas comprendidas entre o 50% e o 75% do salario mínimo interprofesional: redución do 70 %.
- c) Rendas superiores ó 75% e inferiores ó 100% do salario mínimo interprofesional: redución do 40%
- d) Rendas comprendidas entre o 100% e o 150% do salario mínimo interprofesional: redución do 10 por cento.

## **2.- Prezo por servizos complementarios**

**A)** Nos casos en que se presten outros servizos dos que o neno/a sexa usuario, os prezos ós que fai referencia o punto 1 incrementaranse como segue:

- a) Servizo de comedor: o prezo por este servizo fíxase en 33 € mensuais. No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor, e que excepcionalmente, e por motivos xustificados, desexen utiliza-lo servizo algún día solto, o prezo será de 2 € por día.
- b) Servizo de transporte: o prezo por este servizo fíxase en 33 € mensuais.
- c) Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario, normal será de 13'75 €.

**B)** Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre os prezos dos servizos anteriores aplicaranse reducións totais ou parciais:

- a) Rendas inferiores ó 30% do salario mínimo interprofesional: redución do 100 por cento.
- b) Rendas comprendidas entre o 30% e o 100% do salario mínimo interprofesional: redución do 50%
- c) Os servizos ós que fai referencia este punto 2 serán de utilización voluntaria polos nenos/as asistentes ó centro.

## **3.- Descontos**

**A)** Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplica-lo disposto nos puntos I e 2 anteriores, aplicaranse os seguintes descontos:

- a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas: desconto dun 20 por cento.
- b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais: desconto dun 20 por cento.
- c) Cando asistan ó mesmo centro varios irmáns: desconto dun 20 por cento por cada neno/a atendido/a. No caso de que estes irmáns nacesen en parto múltiple, o desconto será dun 30 por cento por cada neno/a.

Os descontos anteriores, cando se dean nunha mesma persoa, serán acumulables.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**B)** Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

## **4. Suspensión temporal da cota**

Os suxeitos obrigados ós que fai referencia o artigo 2º non terán a abriga de abona-la cota durante os seguintes períodos:

a) O mes de vacacións anuais do neno/a.

b) Cando, por calquera motivo distinto ó período de vacacións anuais, o centro permaneza pechado un período superior a quince días.

c) Cando, por causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ó centro. Neste caso, o suxeito obrigado estará exento de abona-la cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte ó da data de ausencia ó centro. A suspensión da cota durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación do neno/a ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota corresponde ó dito mes reducirase nun 50 por cento.

A solicitude de, suspensión de cota, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante a Alcaldía, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

Nos casos de suspensión temporal da cota, o pagamento correspondente ó mes de reincorporación realizarase no prazo de dez días seguintes ó da data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que a Alcaldía resolva a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado delegado deberá ingresa-las cotas atrasadas no prazo de dez días seguintes ó da notificación da resolución denegatoria.

Esta ordenanza foi aprobada polo pleno do Concello de A Guarda, en sesión extraordinaria celebrada o día 11 de maio de 2004.

## **5.- CADRO DE TARIFAS.**

TARIFA 1. Renda per cápita mensual da unidade familiar superior ó 150% do salario mínimo interprofesional.

SERVIZOS	CUSTO
Matricula	6 €
Xornada de mañá (8:00 a 14:00 horas)	66 €/ mes
Xornada completa (ata 8 horas no centro)	110 €/ mes
Xornada de tarde (14:00 a 20:00 horas)	66 €/ mes

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	CUSTO ADICIONAL
Con comedor	33 €
Con transporte	33 €
Horario ampliado	13,75 € por cada hora

TARIFA 2.- Renda per cápita mensual da unidade familiar entre o 100 % e o 150 % do salario mínimo interprofesional.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

SERVIZOS	CUSTO
Matricula	6 €
Xornada de mañá (8:00 a 14:00 horas)	59 €/ mes
Xornada completa (ata 8 horas no centro)	99 €/ mes
Xornada de tarde (14:00 a 20:00 horas)	59 €/ mes

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	CUSTO ADICIONAL
Con comedor	33 €
Con transporte	33 €
Horario ampliado	13,75 € por cada hora

TARIFA 3.- Renda per cápita mensual da unidade familiar entre o 75 % e o 100 % do salario mínimo interprofesional.

SERVIZOS	CUSTO
Matricula	6 €
Xornada de mañá (8:00 a 14:00 horas)	39 €/ mes
Xornada completa (ata 8 horas no centro)	66 €/ mes
Xornada de tarde (14:00 a 20:00 horas)	39 €/ mes

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	CUSTO ADICIONAL
Con comedor	16,50 €
Con transporte	16,50 €
Horario ampliado	6,87 € por cada hora

TARIFA 4.- Renda per cápita mensual da unidade familiar entre o 50 % e o 75 % do salario mínimo interprofesional.

SERVIZOS	CUSTO
Matricula	6 €
Xornada de mañá (8:00 a 14:00 horas)	19 €/ mes
Xornada completa (ata 8 horas no centro)	33 €/ mes
Xornada de tarde (14:00 a 20:00 horas)	19 €/ mes

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	CUSTO ADICIONAL
Con comedor	16,50 €



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Con transporte	16,50 €
Horario ampliado	6,87 € por cada hora

TARIFA 5.- Renda per cápita mensual da unidade familiar entre o 50 % e o 30 % do salario mínimo interprofesional.

SERVIZOS	CUSTO
Matricula	6 €
Xornada de mañá (8:00 a 14:00 horas)	0 €/ mes
Xornada completa (ata 8 horas no centro)	0 €/ mes
Xornada de tarde (14:00 a 20:00 horas)	0 €/ mes

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	CUSTO ADICIONAL
Con comedor	16,50 €
Con transporte	16,50 €
Horario ampliado	6,87 € por cada hora

5

TARIFA 3.- Renda per cápita mensual da unidade familiar inferior ó 30 € do salario mínimo interprofesional.

SERVIZOS	CUSTO
Matricula	6 €
Xornada de mañá (8:00 a 14:00 horas)	0 €/ mes
Xornada completa (ata 8 horas no centro)	0 €/ mes
Xornada de tarde (14:00 a 20:00 horas)	0 €/ mes

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	CUSTO ADICIONAL
Con comedor	0 €
Con transporte	0 €
Horario ampliado	0 € por cada hora